

Ademais de facer pública a resolución na web do proxecto o día 29 de maio de 2018 a organización contactará telefonicamente coa persoa de contacto dos proxectos gañadores e informarase da data e lugar de celebración dun acto de entrega de premios, que previsiblemente terá lugar entre o 30 de maio e 1 de xuño de 2018.

**Décima.**

Máis información.- Para calquera dúbida ou aclaración as persoas interesadas poden solicitar máis información a través do seguinte correo electrónico de contacto: [comunicacion@eurural.org](mailto:comunicacion@eurural.org)



Cultivo



Paisaxes

Traballo



[www.creandorural.org](http://www.creandorural.org)



# Bases do concurso



## 'CREANDO RURAL'

### Primeira.

Obxecto.- Co fin de difundir entre a poboación residente no ámbito territorial do Grupo de Desenvolvemento Rural 14 (GDR 14) a existencia da Medida Leader e achegar coñecementos sobre o desenvolvemento rural ao alumnado dos centros escolares dos concellos implicados, o GDR 14 pon en marcha un concurso creativo sobre esta temática.

### Segunda.

Persoas beneficiarias.- Poderán participar todas as clases dos colexios de educación primaria e educación infantil dos concellos que forman parte do territorio do GDR 14: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui. Os traballos serán admitidos sempre que cumpran cos requisitos e os prazos de entrega contemplados nas bases do concurso.

### Terceira.

Categorías.- Establécense dúas categorías de participación:

- Educación infantil
- Educación primaria

Nos centros escolares nos que non se contemple división por cursos, o profesorado será o encargado de decidir en que categoría participar, buscando aquela que máis se adapte ás necesidades do alumnado.

### Cuarta.

Metodoloxía.- Cada clase participará cun único proxecto conxunto dirixido polo seu profesor ou profesora despois de traballar na aula coas unidades didácticas do programa 'Creando Rural'. É obrigatorio presentar un proxecto orixinal relacionado coa temática tratada nas unidades didácticas e cos seguintes formatos:

- Educación infantil: mural creativo de tamaño e inspiración libre (uso de materiais, dimensións, técnicas...). Para participar no concurso o profesorado deberá enviar unha fotografía que recolla o resultado final do mural en formato .jpg cunha resolución mínima de 1.024x1.024 píxeles. O peso máximo de cada arquivo non debe de superar os 3Mb.

- Educación primaria: vídeo creativo en formato libre. A peza deberá ter unha duración máxima de dous minutos e deberá compartirse coa organización a URL pública do vídeo subido a calquera das plataformas YouTube, Vimeo ou Dailymotion.

Os grupos de participación no concurso deberán de ser dun aula completa co seu titor ou titora como responsable. Non poderán participar neste certame grupos que aglutinen a máis dunha clase nin grupos que estean compostos por un equipo parcial dentro dunha mesma aula.

### Quinta.

Inscripción.- Para participar no concurso é necesaria a inscrición previa a través dun formulario habilitado a tal efecto na páxina web, no que o profesorado deberá cubrir os seguintes parámetros:

- Nome e apelidos das persoa representante.
- DNI da persoa representante.
- Concello.
- Centro educativo ao que pertence.
- Teléfono de contacto.
- Clase/curso.
- Número de participantes.
- Categoría na que concursa.
- Autorización dos dereitos de imaxe.

O prazo de inscrición comeza o día 3 de abril e remata o 27 de abril de 2018 ás 23.59 horas.

### Sexta.

Presentación de traballos.- Poderán presentarse os traballos realizados (previa inscrición) dende o día 3 de abril de 2018 ás 14.00 horas ata o 17 de maio de 2018 ás 14.00 horas. A presentación dos proxectos farase a través do seguinte correo electrónico: comunicacion@eu-rural.org. Para ser aceptado, no correo electrónico deberán figurar os seguintes datos:

- Nome e apelidos das persoa representante.
- DNI da persoa representante.
- Concello.
- Centro educativo ao que pertence.
- Teléfono de contacto.
- Clase/curso.
- Número de participantes.
- Categoría na que concursa.
- Breve descrición do proxecto.
- Arquivo adxunto (categoría Educación infantil)/URL do vídeo (categoría Educación primaria). O GDR 14 será o encargado de revisar todos os traballos presentados a concurso e comprobar que compren coa temática e que non inclúen ningún tipo de contido desapropiado.

### Sétima.

Avaliación dos traballos.- A avaliación dos traballos presentados realizarase da seguinte forma:

- Por votación popular: os traballos estarán a disposición da poboación en xeral na páxina web [creandorural.org](http://creandorural.org) para que se poida votar a través desta ferramenta. Desta votación popular acadaranse dous gañadores: categoría de Educación infantil e categoría de Educación primaria. O período de votación popular comezará o día 19 de maio de 2018 ás 00.00 horas e rematará o 25 de maio de 2018 ás 23.59 horas.
- Por votación dun xurado: o GDR nomeará a un xurado composto por persoas expertas na materia que determinarán outros dous gañadores na categoría de Educación infantil e na categoría de Educación primaria.

Sendo coñecedores das diferenzas existentes no territorio consideramos necesario facer esta duplicidade de premios, posto que as zonas menos poboadas e con menos nenos e nenas poderían verse prexudicados ante a votación popular. Deste xeito nos aseguramos que a votación sexa xusta.

### Oitava.

Premios.- Os premios que obterán os gañadores e gañadoras do concurso consistirán en:

- Categoría de Educación infantil, tanto por votación popular como por elección do xurado: Excursión de 1 día de duración para o alumnado do curso gañador á Granxa Escola O Kiriko, localizada no territorio do GDR 14, concretamente en Fornelos de Montes, onde os nenos e nenas poderán realizar actividades e coñecer un proxecto subvencionado pola Medida Leader 2000-2006 (Proder II MAIV).

Nesta xornada realizaranse actividades participativas que buscan ser motivadoras para o alumnado e proporcionarlles coñecementos relacionados coa natureza e a adquisición de valores coma a convivencia, o traballo en equipo, a colaboración e o respecto.

Esta excursión celebrarase os vindeiros días 4 de xuño (proxecto gañador na votación popular) e 6 de xuño (proxecto gañador na votación do xurado).

- Categoría de Educación primaria, tanto por votación popular como por elección do xurado: excursión dun día de duración para o alumnado dos cursos gañadores a Fervenzaventura, centro de actividades na natureza, localizado en Silleda e subvencionado polo Programa Leader 2007-2013 polo GDR Terras do Deza.

Nesta xornada realizaranse actividades lúdicas e educativas promovendo o desenvolvemento da creatividade, a participación e a aplicación de coñecementos teóricos á práctica.

Esta excursión celebrarase o día 8 de xuño de 2018.

Todas as excursións contan con servizo de transporte e comida incluídos. O GDR 14 conta ademais cun seguro propio de viaxe e accidentes.

### Novena.

Resolución e publicación.- A resolución e publicación dos traballos premiados farase na páxina web do proxecto o día 28 de maio de 2018 pola tarde.